



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA FUNDACIONAL DO CENTRO DE LINGUAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I. LIMIAR

A Comisión Europea, no seu Libro Branco *Ensinar e aprender: cara a sociedade do coñecemento* (1995) estableceu entre os obxectivos fundamentais da educación en Europa o dominio de tres linguas comunitarias, a materna e dúas linguas estranxeiras. Este obxectivo persigue, por unha banda, fomentar o respecto á diversidade lingüística e cultural, evitando que a competencia lingüística en linguas estranxeiras se concentre exclusivamente en torno a unha delas. Por outra banda, este enriquecemento da competencia lingüística pretende favorecer a mobilidade, o intercambio de información e a adaptación a contornos de traballo e de vida nos que se integran linguas e culturas diferentes. Neste marco, o multilingüismo é unha parte esencial da cidadanía e da identidade europea, pero é tamén unha peza imprescindible da sociedade do coñecemento. Na procura dun obxectivo tan importante, a Unión Europea ten feito importantes contribucións ao desenvolvemento de programas como LINGUA e ERASMUS.

As razóns que xustifican a creación na Universidade da Coruña dun Centro Linguas dedicado ao ensino non curricular de linguas estranxeiras son, pois, da mesma índole que as que están levando a todas as universidades europeas a converxer nun espazo único de educación superior. Coa creación do Centro de Linguas, a Universidade da Coruña reconece a importancia de proporcionar á comunidade universitaria en especial, pero tamén á comunidade en xeral, unha oportunidade para mellorar os seus coñecementos de linguas estranxeiras e para aprender outras novas, sen as rixideces que impón o ensino regrado, e dando amplas oportunidades de aprendizaxe autónomo.

Pero esta necesidade de converxencia europea non debe erixirse nunha barreira que impida ir máis lonxe. Por iso o Centro procurará tamén, na medida do posible e do razoable en cada momento, dar acollida as demandas de ensino e aprendizaxe de linguas non europeas, incluídas as linguas minoritarias. Na súa primeira etapa, loxicamente, os esforzos concentraranse nas linguas europeas máis útiles para a nosa comunidade universitaria, ben pola súa importancia internacional e científica, ben pola importancia estratéxica xerada polas relacións de veciñanza. Xa que logo, nunha primeira etapa, os esforzos concentraranse na posta en marcha de cursos de diferentes niveis de alemán, francés, inglés, portugués e italiano. Posteriormente, de existiren interesados, iranse engadindo outras linguas: ruso, chinés, árabe, etc. Na modalidade autónoma, a Universidade porá a disposición da comunidade universitaria Salas de Autoaprendizaxe cunha ampla variedade de recursos multimedia e impresos, e facilitará o acceso a unha ampla e coidadosa selección dos recursos para aprendizaxe de linguas dispoñibles en Internet.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Por outra banda, desde o convencemento pleno de que coñecer outras linguas e culturas pode contribuír a un mellor entendemento entre os individuos e os pobos, o Centro de Linguas tamén atenderá á difusión do noso patrimonio lingüístico e cultural entre estudantes e profesores estranxeiros. O Centro de Linguas, en colaboración cos departamentos nos que se integran as áreas de galego e de español, organizará cursos internacionais para difundir entre o público estranxeiro o galego e o español. Isto inclúe tamén prestar a debida atención, sobre unha base de reciprocidade, ás necesidades lingüísticas dos estudantes do programa Erasmus e tódolos que participen en programas de mobilidade.

Finalmente, pero non menos importante: os investigadores da Universidade da Coruña veñen manifestando desde hai tempo a conveniencia de prestar atención as necesidades lingüísticas derivadas da difusión do seu traballo no ámbito internacional e da participación crecente en proxectos internacionais. A tal fin, integrárase no Centro de Linguas un servizo de tradución que, con tarifas competitivas, facilitará aos grupos de investigacións e aos investigadores individuais servizos de tradución, revisión e asesoramento lingüístico en linguas estranxeiras.

Aínda que o Centro de Linguas se fundamenta na realización directa de actividades nas tres áreas mencionadas, tamén abordará actividades relacionadas con elas, como a planificación de seminarios específicos, actividades culturais para os estudantes do Centro, organización de cursos e congresos sobre a metodoloxía de ensino/aprendizaxe de linguas, e similares. Así mesmo, o Centro participará activamente en asociacións e redes nacionais e internacionais de cooperación que propicien a formación do profesorado e a difusión de contidos formativos.

A complexidade das tarefas encomendadas esixe avanzar sen precipitación, con pasos medidos, e cunha avaliación constante da funcionalidade da estrutura que agora se propón, coa expectativa de que nun prazo de dezaioito meses estean funcionando con normalidade todas as áreas de actividade do Centro. A estrutura provisional que agora se propón da resposta ás necesidades específicas de organización de cada unha das áreas, á especificidade do campus de Ferrol e máis á necesidade de documentar e certificar as actividades do Centro.

II. FINALIDADE, SEDE E ADSCRIPCIÓN

1) O Centro de Linguas nace coa finalidade de proporcionar á comunidade Universitaria diferentes servizos en materia de linguas estranxeiras. Os seus obxectivos fundamentais son:

- a) Responder ás demandas e necesidades no coñecemento de linguas estranxeiras da comunidade universitaria (sen pecharse ao público externo) para facilitar a integración dos seus membros no Espazo Europeo de Formación Superior.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

b) Difundir o noso patrimonio lingüístico e cultural entre o público estranxeiro, prestando tamén o debido apoio aos estudantes Erasmus e dos programas de mobilidade.

c) Subministrar axuda en linguas estranxeiras aos investigadores da Universidade da Coruña.

2) A sede de Centro de Linguas estará na planta baixa do módulo de despachos da Facultade de Filoloxía. Para a súa apropiada instalación, faranse as obras necesarias de acondicionamento, así como as que procedan para instalar ao persoal que agora ocupa esa planta.

3) O Centro de Linguas estará adscrito administrativamente á Facultade de Filoloxía.

4) O Centro de Linguas fará públicos no seu Regulamento de Réxime Interno os criterios e procedementos de selección dos seus colaboradores, o que fará atendendo sempre aos principios de publicidade, capacidade e mérito.

III. CRITERIOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

4) No seu labor docente, o Centro de Linguas articularase segundo principios científicos e académicos, tendo como ideal a excelencia académica e axustándose aos criterios comúns que se vaian elaborando en Europa en materia de ensino e aprendizaxe de linguas. Neste momento, eses criterios concréntanse no *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Aprendizaxe, Ensino, Avaliación* elaborado no seo do Consello de Europa. Na súa organización interna, o Centro rexerese por criterios de calidade, eficiencia e economía.

5) A xestión das actividades do Centro de Linguas poderá realizarse directa ou indirectamente, mediante réxime de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, arrendamento, concesión administrativa e outros sistemas previstos na normativa vixente.

6) O Centro de Linguas explorará mecanismos que faciliten a xeneralización do ensino non regrado de linguas estranxeiras nesta Universidade (como becas para os estudantes, cursos subvencionados para o PDI e o PAS), co propósito de fomentar a competencia dos seus membros en linguas estranxeiras.

7) Así mesmo, o Centro de Linguas propondrá actuacións alternativas conducentes a fomentar a aprendizaxe autónoma ou semi-autónoma de novas linguas por parte dos membros da comunidade universitaria e do público en xeral.

8) A Universidade da Coruña expedirá, previo pago das taxas correspondentes, Certificados propios de dominio xeral e instrumental



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

dunha lingua, a aquelas persoas que, unha vez superados os niveis terminais establecidos (en número non maior de tres) e as probas correspondentes, así o soliciten. Nestes diplomas, que serán asinados polo director do Centro e o Vicerreitor correspondente, farase constar a correspondencia cos niveis do Marco Común Europeo de Referencia.

9) Ao finalizar cada curso, o Centro de Linguas entregará a aquelas persoas que o aprobaren unha acreditación gratuita, asinada polo Secretario, na que conste a denominación do curso, a súa situación na escala da niveis e subniveis, e o número de horas. Tal acreditación será necesaria para o recoñecemento de créditos de libre elección.

IV. ESTRUCTURA

10) Para a súa posta en marcha, o Centro de Linguas contará, ademais de cun director, cos postos seguintes:

Secretario/a

Coordinador/a académico do campus da Coruña

Coordinador/a académico do campus de Ferrol

Coordinador/a de cursos para estranxeiros e de apoio lingüístico á mobilidade estudiantil.

11) As funcións provisionais correspondentes a estes postos figuran no Anexo I. O seu carácter provisional xustifícase pola novidade das tarefas, que sen dúbida esixirá experimentos, innovacións e axustes. No Regulamento previsto na Disposición Final desta Memoria inclúense as funcións definitivas.

12) O Director será nomeado Reitor entre os funcionarios dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña, e cesará ben por decisión do Reitor, ben por decisión propia. Neste último caso continuará en funcións ate ser substituído.

13) O posto de Secretario será desempeñado por un funcionario dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña, e será nomeado polo Reitor á proposta do Director. Cesará por resolución do Reitor á proposta do Director, ou por decisión propia. Neste último caso continuará en funcións ate ser substituído.

14) Os restantes postos poderán ser desempeñados por persoal da Universidade (PDI ou PAS), serán nomeados polo Reitor a proposta do Director. Cesarán por resolución do Reitor á proposta do Director, ou por decisión propia. Neste último caso continuará en funcións ate seren substituídos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

15) Os postos de coordinador/a, cando for desempeñado por un membro do PDI, e o de secretario/a recibirán un complemento retributivo da mesma contía que o correspondente aos Secretarios de Departamento.

V. RÉXIME ECONÓMICO

16) Para o adecuado funcionamento do Centro de Linguas e para o cumprimento dos seus fins, crearase unha Unidade de Gasto dentro do réxime económico estatutario da Universidade da Coruña, adscrita á Facultade de Filoloxía. Esa Unidade deberá ter aplicacións orzamentarias nos Capítulos II e VI, polos mesmos conceptos que teñen as Facultades.

17) A Universidade dotará ao Centro de Linguas dos medios persoais, materiais e económicos requiridos para a xestión e o funcionamento administrativo ordinarios. A tal fin, incluíranse as partidas correspondentes nos orzamentos anuais da Universidade.

18) Para a súa posta en marcha, dotarase ao Centro de Linguas cun presuposto de funcionamento e xestión inicial.

19) As actividades concretas do Centro de Linguas (tales como os diversos cursos que se impartan) tenderán a autofinanciarse mediante os ingresos procedentes das tarifas dos servizos ofertados, as subvencións que se reciban, as achegas de entidades públicas ou privadas e outros ingresos de calquera procedencia legalmente establecida.

20) As tarifas das actividades e servizos profesionais do Centro de Linguas, que deberán ser aprobadas polo Consello Social, estableceranse atendendo ás súas peculiaridades e ao feito de seren dispensados nun ámbito universitario. En todo caso haberá de respectarse a necesidade de contar cuns ingresos suficientes que garantan o autofinanciamento, descontada á parte que corresponda ao funcionamento ordinario, que deberá ser atendida pola vía orzamentaria. A efectos de poder iniciar xa en outubro os cursos de linguas estranxeiras, preséntase unha proposta de tarifas no Anexo II.

VI. DISPOSICIÓN FINAL

21) As disposicións desta Memoria de Fundación sobre a estrutura e o funcionamento do Centro de Linguas, así como as funcións dos postos de dirección especificadas no anexo I, estarán vixentes ata a aprobación polo consello de Goberno dun Regulamento que deberá comprender tódolos aspectos pertinentes.



ANEXO I. FUNCIÓNS PROVISIONAIS DOS POSTOS DIRECTIVOS

1) Serán funcións do Director:

- a) Representar ao Centro de Linguas e velar polo seu adecuado funcionamento.
- b) Impulsar, coordinar e supervisar as actividades que se desenvolvan no Centro.
- c) Propoñer modificacións na estrutura organizativa do Centro, que deberán ser aprobadas polo Consello de Goberno.
- d) Presentar ante os órganos pertinentes o proxecto de presuposto anual do Centro.
- e) Propoñer as tarifas de prestación de servizos e a súa modificación, que deberán ser aprobadas polo Consello Social.
- f) Propoñer as colaboracións e convenios con entidades públicas e privadas que conveñan para unha maior eficacia no desempeño das actividades do Centro de Linguas.
- g) Propoñer ao Reitor o nomeamento do Secretario e do Coordinadores.
- h) Propoñer modificacións no Regulamento do Centro, que deberán ser aprobadas polo consello de Goberno.
- i) Establecer os criterios de xestión e administración dos recursos, tanto dos asignados nos orzamentos como dos procedentes da propia actividade do centro.
- j) Dispoñer dos recursos xerados polo Centro, dentro do marco legal e estatutario.
- k) Calquera outra función que lle atribúan as disposicións legais vixentes e o propio Regulamento do Centro.

2) Serán funcións do Secretario

- a) A formación e custodia do libro de actas do centro..
- b) A recepción e custodia das actas de cualificacións.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- c) A expedición das certificacións solicitadas polos estudantes e os profesores do centro, co visto bo do Director do Centro de Linguas cando sexa pertinente.
 - d) A custodia do selo do centro e do rexistro.
 - e) A organización e a supervisión, en coordinación co secretario da Facultade de Filoloxía, da actividade do persoal administrativo asignado ao Centro, sen menoscabo das competencias da Xerencia.
 - f) A organización e distribución, en coordinación co secretario da Facultade de Filoloxía, dos horarios e as aulas de clase.
 - g) A elaboración da memoria anual do centro.
 - h) A publicidade das actividades do centro, en cooperación cos responsables das diversas áreas.
 - i) Colaborar co Director na elaboración da proposta de prezos públicos que haxan de abonar os usuarios das actividades e servizos do Centro.
 - j) Colaborar co Director na elaboración do proxecto de presuposto anual.
 - k) Calquera outra función que lle encomende o director no ámbito das súas competencias.
- 3) Serán funcións dos coordinadores académicos de linguas estranxeiras nos campus da Coruña e Ferrol:
- a) O deseño de cursos e programas, así como a determinación do número de módulos necesarios para cada nivel.
 - b) A coordinación e o control da docencia.
 - c) As relacións directas co profesorado e cos estudantes.
 - d) A coordinación da elaboración de materiais didácticos.
 - e) A planificación de campañas e a elaboración de materiais de difusión no ámbito das súas competencias.
 - f) A selección dos medios didácticos con que contarán as Salas de Autoaprendizaxe e a coordinación da atención aos usuarios.
 - g) En colaboración cos Departamentos correspondentes, deseñará e organizará cursos e programas de lingua e cultura galega e española,



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

dirixidos a un público estranxeiro. A coordinación e control de cada curso ou programa concreto poderá delegarse nun director específico de esa actividade.

h) Aquelas outras que lle podan ser encomendadas polo director en relación co seu ámbito de actuación.

4) Serán funcións do/a coordinador/a de cursos para estranxeiros e de apoio lingüístico á mobilidade estudiantil:

a) En colaboración cos Departamentos correspondentes, deseñará e organizará cursos e programas de lingua e cultura galega e española, dirixidos a un público estranxeiro. A coordinación e control de cada curso ou programa concreto poderá delegarse nun director específico de esa actividade.

b) En cooperación co Servizo de Relacións Internacionais, responsabilizarase de que os estudantes que asistan a eses cursos e programas podan resolver facilmente as súas necesidades de aloxamento e outras que se deriven da súa estancia na Coruña.

c) Organizará actividades complementarias a eses cursos e programas.

d) Coa axuda do Servizo de Relacións Internacionais, propondrá actuacións de apoio aos estudantes estranxeiros do programa Erasmus e responsabilizarase da súa posta en práctica, da súa coordinación e do seu control.

e) Coa axuda do Servizo de Relacións Internacionais e o Coordinador de Linguas Estranxeiras, propondrá actuacións de apoio aos estudantes da Universidade da Coruña que vaian participar no programa Erasmus acudindo a unha universidade estranxeira.

f) Planificará campañas e elaborará materiais de difusión no ámbito das súas competencias.

g) Propondrá a realización de convenios con universidades estranxeiras que desexen enviar, sobre unha base regular, estudantes á estas actividades da Universidade da Coruña, deseñando –no caso de ser oportuno– cursos e programas que respondan ás necesidades específicas que motivan o convenio.

h) Aquelas outras que lle podan ser encomendadas polo Director no ámbito da súa actuación.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

5) A especificación e asignación das funcións necesarias para o desenvolvemento do servizo de apoio lingüístico á investigación farase tras a análise e avaliación do funcionamento e rendemento do *Workshop-Inglés*, que atende neste momento esas necesidades no que se refire á lingua inglesa.



ANEXO II

**PROPOSTA DE PREZOS PÚBLICOS
PARA OS CURSOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS DO CENTRO DE
LINGUAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

1) Para os cursos que organice o Centro de Linguas durante o curso 2005–2006, aplicaranse os prezos públicos

• **Cursos regulares:**

Membros da Comunidade Universitaria: 3,80 euros/hora

Matriculados de fóra da Universidade: 5,00 euros/hora

• **Cursos por convenios dentro do plano de formación do PDI e PAS da Universidade da Coruña.**

Cobrarase á institución que os financie o importe correspondente á matrícula de 10 alumnos, independentemente do número de participantes.

• **Cursos específicos:**

As tarifas para os cursos específicos fixaranse dependendo das características dos mesmos, cos límites máximos de 7 euros por hora para os membros da comunidade universitaria, e 10 euros para os que procedan de fóra da Universidade.

2) As tarifas anteriores son aplicables só aos cursos de idiomas estranxeiros organizados desde o Centro de Linguas. Quedan fóra do ámbito de aplicación os servizos á carta que se lle demanden ao Centro, que serán obxecto de negociación puntual en cada caso entre os interesados e os profesionais que podan atendelos. Pola mediación nestes servizos á carta corresponderalle ao Centro o 5% do importe global da actividade.

3) Tal como establece a Lei de Taxas e Prezos Públicos, só procederá a devolución do prezo público cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TARIFAS DOS CURSOS REGULARES (2004/2005) NUNHA MOSTRA DE UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

Membros	Público Xeral	Universidade
2,05	6,16	Universidad Pública de Navarra
2,22	---	Salamanca
2,52	4,49	Sevilla
2,60	----	Oviedo
2,86	3,57	La Laguna
2,90	3,63	Zaragoza
3,00	3,5	Murcia
3,33	3,33	Málaga
3,33	---	Vigo (proposta pendiente de aprobación)
3,66	4,07	Cantabria
3,75	4,38	Santiago
3,87	---	Autónoma de Madrid
3,87	5,37	Cádiz
4,20	5,90	Girona
4,5	5,1	Alicante
4,8	6,30	Las Palmas
5,00	----	Rey Juan Carlos
5,44	---	Valencia
5,5	6,14	Alcalá
6,92	6,92	Granada
7,7	10,93	Barcelona

Tarifa media:

Membros da comunidade universitaria: 4,00

Público xeral: 5,31

Outras tarifas:

7,75

Alianza Francesa (Vigo)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

10,5

British Council (Madrid)

9,49

Goethe Institut

=====